

RESOLUCIÓN DA INTERVENCIÓN XERAL DO CONCELLO DE LUGO POLA QUE SE APROBA O PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO PARA O ANO 2021

A Intervención Xeral do Concello de Lugo exerce, ao abeiro do disposto nos artigos 213 e 220 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL), o control interno da actividade económico financeira local nas súas dúas modalidades, función interventora e control financeiro.

Os preceptos legais reguladores do exercicio do control interno no ámbito local foron desenvolvidos, en virtude do artigo 213 do TRLRFL, polo Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en adiante RCI), cuxa entrada en vigor produciuse o 1 de Xullo de 2018, e que introduciu importantes novidades neste campo, e entre elas o fortalecemento das funcións de control financeiro nas súas dúas vertentes, control permanente e auditoría pública.

Co fin de adaptar esta nova regulación á organización e funcionamento propios deste concello, o Pleno da Corporación en sesión de 26 de setembro de 2019 (BOP 282 de 10/12/2019) aprobou o Regulamento de Control Interno do sector público do Concello de Lugo, reforzando, aclarando e modulando as actuacións a levar a cabo pola Intervención Xeral no exercicio das súas funcións.

Unha das novidades máis importantes nesta nova etapa do control local vén constituída polo emprego preceptivo de técnicas de planificación das actuacións de control. Particularmente, o artigo 31 do RCI dispón respecto deste particular o seguinte:

“1. El órgano interventor deberá elaborar un Plan Anual de Control Financiero que recogerá las actuaciones de control permanente y auditoría pública a realizar durante el ejercicio.

2. El Plan Anual de Control Financiero incluirá todas aquellas actuaciones cuya realización por el órgano interventor derive de una obligación legal y las que anualmente se seleccionen sobre la base de un análisis de riesgos consistente con los objetivos que se pretendan conseguir, las prioridades establecidas para cada ejercicio y los medios disponibles. A estos efectos, se incluirán en el Plan las actuaciones referidas en el artículo 29.4 del Reglamento.

El concepto de riesgo debe ser entendido como la posibilidad de que se produzcan hechos o circunstancias en la gestión sometida a control susceptibles de generar incumplimientos de la normativa aplicable, falta de fiabilidad de la información financiera, inadecuada protección de los activos o

Intervención

MVF/mvf

Refª: ispac341770771631111547.doc

Asunto:

falta de eficacia y eficiencia en la gestión.

Una vez identificados los riesgos será necesario asignar prioridades para seleccionar las actuaciones a realizar. De esta manera, se realizará una evaluación para estimar la importancia del riesgo, utilizando tanto criterios cuantitativos como cualitativos, y se atenderá a la conveniencia de seleccionar controles con regularidad y rotación, evitando tanto repetir controles en actividades económico-financieras cualificadas sin riesgo como que se generen debilidades precisamente por la ausencia reiterada de control.

3. Identificados y evaluados los riesgos, el órgano interventor elaborará el Plan Anual concretando las actuaciones a realizar e identificando el alcance objetivo, subjetivo y temporal de cada una de ellas. El Plan Anual de Control Financiero así elaborado será remitido a efectos informativos al Pleno.

4. El Plan Anual de Control Financiero podrá ser modificado como consecuencia de la ejecución de controles en virtud de solicitud o mandato legal, variaciones en la estructura de las entidades objeto de control, insuficiencia de medios o por otras razones debidamente ponderadas. El Plan Anual de Control Financiero modificado será remitido a efectos informativos al Pleno.”

En virtude do exposto, esta Intervención Xeral ten elaborado o Plan Anual de Control Financeiro para o exercicio 2021, no que en función dos riscos detectados, os medios disponibles e os obxectivos a cumprir que se especifican no mesmo, programáronse as distintas actuacións de control permanente e auditoría pública a realizar no devandito exercicio respecto da actividade económico financeira municipal, ademais daquelas outras que atribúe a normativa a este órgano de xeito preceptivo.

De acordo co anteriormente exposto e en cumprimento do disposto no artigo 31 do RCI, esta Intervención Xeral dispón:

Primeiro.

Apróbase o Plan Anual de Control Financeiro para o exercicio 2021 que se xunta á presente.

Segundo.

A execución das actuacións incluídas no Plan levarase a cabo por esta Intervención Xeral, a través da Xefatura de Servizo de Control Financeiro, podendo contar coa colaboración de empresas privadas de conformidade co artigo 34 do Real Decreto 424/2017 e 28, 40 e seguintes do Regulamento de Control Interno do Sector Público Local.

Intervención

MVF/mvf

Refª: ispac341770771631111547.doc

Asunto:

Terceiro.

Os informes que se emitan en execución das actuacións incluídas no Plan axustaranse ao disposto no Regulamento de Control Interno do Sector Público do Concello de Lugo.

Cuarto.

O Plan Anual de Control Financeiro poderá ser modificado como consecuencia da execución de controis en virtude de solicitude ou mandato legal, variacións na estrutura das entidades obxecto de control, insuficiencia de medios ou outras razóns debidamente ponderadas, dando conta ao Pleno da Corporación na seguinte sesión que se celebre.

Quinto.

O presente Plan así como os resultados obtidos da execución dos controis financeiros serán remitidos ao Pleno da Corporación a efectos informativos e serán obxecto de publicación en cumprimento do previsto no art.6.2 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

O INTERVENTOR XERAL

Intervención

MVF/mvf

Ref^a: ispac341770771631111547.doc

Asunto:

INTERVENCIÓN XERAL DO CONCELLO DE LUGO

SERVIZO DE CONTROL FINANCEIRO E AUDITORÍA PÚBLICA

SIGLAS E ACRÓNIMOS

- CE: Constitución Española
- LRBRL: Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- LF: Lei 50/2002, de 26 de decembro, de Fundacións.
- LXS: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- TRLRFL: Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- LOEOSF: Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- LRSAL: Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- LPAC: Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- LRXSP: Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- LCSP: Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- ROF: Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.
- RD 500/1990: Real Decreto 500/1990, de 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.
- REO: Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais.
- RCI: Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.
- RCIL: Regulamento de control interno do sector público do Concello de Lugo.
- RD 128/2018: Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.
- BEO: Bases de Execución do Orzamento
- COSO: Committee of Sponsoring Organizations of the Treadway Commission.

Intervención

MVF/mvf

Refª: ispac341770771631111547.doc

Asunto:

- IGAE: Intervención Xeral da Administración do Estado.
- XCCAE: Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado.

INTRODUCCION

I.A.- O CONTROL INTERNO NAS ENTIDADES LOCAIS.

As funcións de control da actividade económico financeira do Sector Público derivan dunha esixencia constitucional. Concretamente, a Constitución Española de 1978 sinala no seu artigo 103 que *“La Administración Pública sirve con objetividad los intereses generales y actúa de acuerdo con los principios de eficacia, jerarquía, descentralización, desconcentración y coordinación, con sometimiento pleno a la ley y al derecho.”*. Pola súa banda, os artigos 31 e 133.4 do mesmo texto constitucional mencionan os seguintes principios a que se haberá de axustar a xestión dos fondos públicos:

- Legalidade: cumprimento dos requisitos previstos na normativa.
- Eficacia: grao de cumprimento dos obxectivos programados.
- Eficiencia: mellor relación entre os obxectivos expostos e os resultados obtidos.
- Economía: consecución dos obxectivos propostos ao menor custo posible.

Así, as funcións de control da actividade económico financeira do sector público son cualificadas polo Tribunal Constitucional na súa sentenza 76/2003 como funcións de relevancia constitucional, pois a través das mesmas trátase de garantir a adecuación da actuación da Administración aos principios constitucionais apuntados.

Existen dous modos de levar a cabo o devandito control. Dunha parte, o control cualifícase de interno cando se executa ou realiza por parte de órganos integrados no seo da propia organización, aínda que, con garantía da súa independencia orgánica e funcional.

Doutra parte, o control é externo cando se leva a cabo por parte de órganos alleos á propia estrutura e organización do ente ou suxeito obxecto de control. Estas funcións de control externo son expresamente atribuídas polo artigo 136 da Constitución Española ao Tribunal de Contas, definido como “supremo órgano fiscalizador das contas e da xestión económica de Estado, así como do sector público”, no que se integran as Entidades Locais. Tamén por competencias asumidas en virtude dos respectivos estatutos de autonomía, polos órganos fiscalizadores externos de carácter autonómico. No caso do Concello de Lugo, o

Consello de Contas de Galicia.

O control interno da actividade económico financeira, cando se refire ao ámbito das Entidades Locais, dispón dun réxime e marco xurídico propio.

En particular, a LRBRL no seu artigo 92.bis, tras a reforma operada pola LRSAL, establece como funcións públicas necesarias en todas as Corporacións, cuxas competencias se atopan reservadas a Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional, as de control e fiscalización interna da xestión económico-financeira e orzamentaria.

Nos municipios de gran poboación, como é o caso de Lugo, estarase ao disposto no artigo 136 que fixa que “La función pública de control y fiscalización interna de la gestión económico-financiera y presupuestaria, en su triple acepción de función interventora, función de control financiero y función de control de eficacia, corresponderá a un órgano administrativo, con la denominación de Intervención general municipal.”

Pola súa banda, a norma especial en materia de Facendas Locais, como é o TRLRFL, establece no seu artigo 213 o seguinte:

“Se ejercerán en las Entidades Locales con la extensión y efectos que se determina en los artículos siguientes las funciones de control interno respecto de su gestión económica, de los organismos autónomos y de las sociedades mercantiles de ellas dependientes, en sus modalidades de función interventora, función de control financiero, incluída la auditoría de cuentas de las entidades que se determinen reglamentariamente, y función de control de la eficacia.

A propuesta del Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, el Gobierno establecerá las normas sobre los procedimientos de control, metodología de aplicación, criterios de actuación, derechos y deberes del personal controlador y destinatarios de los informes de control, que se deberán seguir en el desarrollo de las funciones de control indicadas en el apartado anterior.

Los órganos interventores de las Entidades Locales remitirán con carácter anual a la Intervención General de la Administración del Estado un informe resumen de los resultados de los citados controles desarrollados en cada ejercicio, en el plazo y con el contenido que se regulen en las normas indicadas en el párrafo anterior.”

En cumprimento do mandato legal atribuído ao executivo por parte do TRLRFL, foi aprobado o Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, entrando en vigor o 1 de Xullo de 2018, e dotando de maior precisión e seguridade xurídica ó exercicio das funcións de control interno para o ámbito local ante a

Intervención

MVF/mvf

Refª: ispac341770771631111547.doc

Asunto:

concisa regulación do TRLRFL.

Esta nova disposición regulamentaria incorpora importantes novidades, entre as que destaca a ampliación e concreción das actuacións de control financeiro na súa dobre vertente de control permanente e auditoría pública, adquirindo unha relevancia moi significativa en aras de lograr un modelo de control eficaz e efectivo da totalidade da actuación económica local.

Pola súa banda, o Pleno Municipal do Excmo. Concello de Lugo en sesión ordinaria celebrada o 26 de setembro de 2019, aprobou o Regulamento de control interno do sector público do Concello de Lugo (BOP 282 do 10/12/2019) en virtude do principio de autoorganización e de conformidade co artigo 2 do RCI, adaptando a normativa estatal referenciada á organización e funcionamento propio da Entidade, coa intención de mellorar os mecanismos de control interno e lograr maiores doses de eficacia. A súa entrada en vigor tivo lugar o 1 de xaneiro de 2020.

Neste novo escenario de ampliación e concreción de funcións, resulta indispensable o emprego de técnicas ou ferramentas de planificación para a consecución dos fins pretendidos, entendendo dita planificación como un proceso de toma de decisións para alcanzar un obxectivo desexado, tendo en conta a situación actual e os factores internos e externos que poden influír no logro dos obxectivos.

A normativa veu introducindo a necesidade de empregar a planificación no ámbito da xestión pública, atopando numerosos exemplos diso. En moitos destes supostos, a planificación mesmo constitúe unha obriga legal. Así, en materia de subvencións, o Plan Estratéxico de Subvencións, en materia de contratación, o Plan de Contratación e anuncio de información previa, en materia de xestión económico-financiera, o Plan de Tesourería, os Plans Económico Financieros etc. Tamén as vantaxes que proporciona a planificación quixeron ser incorporadas á contorna do control interno, exercéndose fundamentalmente por medio do Plan Anual de Control Financeiro.

I.B.- FORMAS DE EJERCICIO

I.B.1.- ÁMBITO OBXECTIVO.

O xa mencionado artigo 213 TRLRFL e tamén o artigo 3 do RCI sinalan dúas grandes formas de exercicio do control interno da actividade económica do sector público local, a función interventora e o control financeiro.

Ten por obxecto controlar os actos da Entidade Local e dos seus organismos autónomos, calquera que sexa a súa cualificación, que dean lugar ao recoñecemento de dereitos ou á realización de gastos, así como os ingresos e pagos que deles se deriven, e o investimento ou a plicación en xeral dos seus

fondos públicos, co fin de asegurar que a súa xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Ten por obxecto verificar o funcionamento dos servizos do sector público local no aspecto económico financeiro para comprobar o cumprimento da normativa e directrices que os rexen e, en xeral, que a súa xestión se axusta aos principios de boa xestión financeira, comprobando que a xestión dos recursos públicos atópase orientada pola eficacia, a eficiencia, a economía, a calidade e a transparencia, e polos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira no uso dos recursos públicos locais.

Pola súa banda, o control financeiro pode ser exercido a través de dúas modalidades, o control permanente e a auditoría pública. Ambas modalidades incluírán o control de eficacia, que consistirá en verificar o grao de cumprimento dos obxectivos programados, do custo e rendemento dos servizos de conformidade cos principios de eficiencia, estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira no uso dos recursos públicos locais.

B1) Control Permanente:

Ten por obxecto comprobar, de forma continua, que o funcionamento da actividade económico- financeira do sector público local axústase ao ordenamento xurídico e aos principios xerais de boa xestión financeira, co fin último de mellorar a xestión no seu aspecto económico, financeiro, patrimonial, orzamentario, contable, organizativo e procedimental. A estes efectos, o órgano de control poderá aplicar técnicas de auditoría.

O exercicio do control permanente comprende tanto as actuacións que sexan atribuídas polo ordenamento xurídico ao órgano interventor, como aquelas actuacións de control que anualmente se inclúan no correspondente Plan Anual de Control Financeiro.

B2) Auditoría Pública:

Consistirá na verificación, realizada con posterioridade e efectuada de forma sistemática, da actividade económico-financiera do sector público local, mediante a aplicación dos procedementos de revisión selectivos contidos nas normas de auditoría e instrucións que dite a Intervención Xeral da Administración do Estado. A auditoría pública engloba, en particular, as seguintes modalidades:

- Auditoría de contas:

Ten por obxecto a verificación relativa a se as contas anuais representan en todos os aspectos significativos a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, dos resultados da entidade e, no seu caso, a execución do

Intervención

MVF/mvf

Refª: ispac341770771631111547.doc

Asunto:

orçamento de acordo coas normas e principios contables e orzamentarios que lle son de aplicación e conteñen a información necesaria para a súa interpretación e comprensión adecuada.

De conformidade co disposto na disposición transitoria única do RCI, as auditorías de contas previstas no artigo 29.3.A) realizaranse sobre as contas anuais cuxo exercicio contable se peche a partir do 1 de xaneiro de 2019.

- Auditoría de cumprimento e auditoría operativa:

Perseguen como fin último mellorar a xestión do sector público local no seu aspecto económico, financeiro, patrimonial, orzamentario, contable, organizativo e procedimental.

A auditoría de cumprimento ten como obxecto a verificación de que os actos, operacións e procedementos de xestión económico-financeira desenvolvéronse de conformidade coas normas que lles son de aplicación.

A auditoría operativa ten como obxecto o exame sistemático e obxectivo das operacións e procedementos dunha organización, programa, actividade ou función pública, co obxecto de proporcionar unha valoración independente da súa racionalidade económico-financeira e a súa adecuación aos principios da boa xestión, a fin de detectar as súas posibles deficiencias e propor as recomendacións oportunas en orde á corrección daquelas.

Xunto a todo o anterior, destaca como categoría específica xunto ás anteriores o Control Financiero de Subvencions ao que se refire a LXS no seu Título terceiro e o seu regulamento de desenvolvemento.

Por último, as principais diferenzas entre ambas formas de exercicio do control interno (función interventora e control financeiro) pódense resumir nas seguintes:

- A función interventora é previa á adopción dos acordos e exércese sobre a totalidade dos actos de xestión económico-financeira da Entidade Local, salvo as excepcións expresamente previstas na Lei. Pola súa banda, o control financeiro é continuo ou posterior e xeralmente se realiza sobre unha mostra representativa.
- A función interventora límitase a verificar o cumprimento da legalidade mentres que o control financeiro esténdese ademais á análise doutros principios como a eficacia, eficiencia, transparencia, estabilidade orzamentaria, etc.

- A función interventora límitase á revisión do examinado mentres que o control financeiro persecue ademais especialmente unha mellora da xestión.
- A función interventora e o control financeiro exércense sobre entes ou organismos distintos, o que merece unha análise particular no seguinte apartado.

I.B.2 ÁMBITO SUBXECTIVO.

Cada unha das modalidades do control interno local posúe un ámbito subxectivo propio de maneira que, mediante as diversas fórmulas de exercicio, se acadase unha comprobación efectiva da totalidade de actividade da organización ao longo de varios anos.

A Función Interventora exercerase nos seguintes entes:

- Entidade Local
- Organismos Autónomos locais.
- Consorcios adscritos á Entidade Local cuxo réxime de control así o estableza.

O Control Permanente sobre os mesmos entes sobre os que leva a cabo a función interventora:

- Entidade Local.
- Organismos Autónomos locais.
- Consorcios adscritos á Entidade Local cuxo réxime de control así o estableza.

A Auditoría Pública:

B.2.1. Auditoría de Contas.- Sobre os entes sinalados no artigo 29 RCI:

- Organismos Autónomos locais.
- Entidades Públicas Empresariais locais.
- Fundacións do Sector Público local obrigadas a auditarse pola súa normativa específica.

Intervención

MVF/mvf

Refª: ispac341770771631111547.doc

Asunto:

- Fondos carentes de personalidade xurídica cuxa dotación se efectúe maioritariamente desde os Orzamentos Xerais da Entidade Local.
- Consorcios adscritos á Entidade Local.
- Sociedades Mercantís e as Fundacións do Sector Público local non sometidas á obriga de auditarse que se incluíran no Plan Anual de Auditorías.

Especial mención merece a realización de auditorías de contas sobre Sociedades Mercantís dependentes da Entidade Local. Así, cabe sinalar dous supostos perfectamente diferenciados:

- Sociedades Mercantís obrigadas a auditarse en virtude da normativa mercantil: Trátase daquelas Sociedades Mercantís dependentes da Entidade Local nas que se de algunha das circunstancias previstas no artigo 263 do TRLSC ou na disposición adicional primeira da LAC e no Real Decreto 1517/2011. Esta auditoría terá natureza mercantil, sen ningunha diferenza respecto de calquera outra Sociedade Mercantil de titularidade privada, no que respecta ao suxeito auditor, depósito ante o Rexistro Mercantil e demais extremos previstos na normativa. Queda suxeita ao disposto na propia LAC e na súa normativa de desenvolvemento, tamén ás normas técnicas de auditoría publicadas polo Instituto de Contabilidade de Auditoría de Contas. Atópase polo tanto excluída a aplicación das normas de auditoría pública aprobadas pola IGAE.

En definitiva, o RCI persegue evitar duplicidades mediante a realización de dous tipos de auditorías sobre unhas mesmas contas anuais, que aínda que se realizan mediante técnicas diferenciadas, perseguen un mesmo fin, isto é, determinar se as contas reflicten a imaxe fiel do patrimonio.

- Sociedades Mercantís non sometidas á obriga de auditarse que se inclúan no Plan Anual de Control Financeiro:

Neste caso a auditoría de contas realizada terá natureza pública, será realizada por parte do Órgano Interventor da Entidade Local, e axustarase ás Normas de Auditoría do Sector Público aprobadas pola IGAE.

En canto ás Fundacións locais, a obriga de auditar as súas contas virá determinada pola concorrencia dos requisitos previstos no artigo 25 da LF. En

todo caso, as auditorías de contas realizadas en virtude do RCI sobre estas entidades, xa sexa porque se atopen obrigadas a auditarse, xa sexa porque se inclúan no Plan Anual de Auditorías, rexeranse polas Normas de Auditoría do Sector Público e serán realizadas por parte do Órgano Interventor da Entidade Local.

B.2.2. Auditoría de Cumprimento.-Sobre as entidades do Sector Público local non sometidas a control permanente, isto é:

- Entidades Públicas Empresariais locais.
- Sociedades Mercantís dependentes da Entidade Local.
- Fundacións do sector público local.
- Fondos carentes de personalidade xurídica cuxa dotación se efectúe maioritariamente desde os Orzamentos Xerais da Entidade Local.
- Consorcios adscritos á Entidade Local, cando o seu réxime de control os exclúa da función interventora e polo tanto tamén do control permanente.
- Entidades con ou sen personalidade xurídica distintas ás mencionadas nos apartados anteriores con participación total ou maioritaria da Entidade Local.

B.2.3. Auditoría Operativa.- Sobre os mesmos entes obxecto da auditoría de cumprimento.

Control Financeiro de Subvencións:

Xunto ao exposto, o RCI establece no seu artigo 3 que *“El órgano interventor ejercerá el control sobre entidades colaboradoras y beneficiarios de subvenciones y ayudas concedidas por los sujetos que integran el sector público local, que se encuentren financiadas con cargo a sus presupuestos generales de acuerdo con lo establecido en la Ley General de Subvenciones.”*

Este control financeiro de subvencións pode ser conceptualizado como unha categoría diferenciada dentro do control financeiro polo particular do seu tratamento. I

I.C.- O CONCELLO DE LUGO E A SUA ADMINISTRACIÓN

O Concello de Lugo e os seus entes dependentes quedan sometidos

Intervención

MVF/mvf

Refª: ispac341770771631111547.doc

Asunto:

ao réxime de control interno exposto en apartados anteriores e que foi desenvolvido por medio do modelo de control interno aprobado polo Pleno da Corporación. A organización municipal, sobre a que se exercerán as diversas modalidades de control de acordo co ámbito subxectivo de cada unha delas, responde á seguinte estrutura:

- Concello de Lugo.
- Sociedades Mercantís participadas maioritariamente:

Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A.(EVISLUSA).
Participación: 100 %.

II.- O PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO

Tal e como foi exposto na introdución deste Plan, a utilización de técnicas de planificación resulta unha ferramenta indispensable para a mellora da xestión pública, que entre outras vantaxes permite fixar con claridade as metas a conseguir, identifica os recursos e medios dispoñibles ou facilita a toma de decisións.

No ámbito do control interno da actividade económico financeira local, a planificación non só resulta adecuada senón obrigatoria para a consecución dun modelo de control eficaz. Esta planificación é especialmente relevante no ámbito do control financeiro fronte á fiscalización previa caracterizada pola súa inmediatez.

O novo RCI introduce a necesidade de elaborar e aprobar por parte do órgano interventor un Plan Anual de Control Financeiro, do que deberá informar á Entidade Local, incluídas as modificacións ou alteracións que se produzan. A planificación debe ser un instrumento dinámico, que se axuste ás circunstancias que se presenten ao longo da súa execución e posta en práctica, adaptando os obxectivos previstos. Tamén permite informar e dar a coñecer aos suxeitos obxecto de control e ao Pleno da Corporación as actuacións que se realizarán ao longo do exercicio.

O réxime deste Plan Anual de Control Financeiro atópase recollido no artigo 31 do RCI, que establece respecto diso o seguinte:

“1. El órgano interventor deberá elaborar un Plan Anual de Control Financiero que recogerá las actuaciones de control permanente y auditoría pública a realizar durante el ejercicio.

2.El Plan Anual de Control Financiero incluirá todas aquellas actuaciones cuya realización por el órgano interventor derive de una obligación

legal y las que anualmente se seleccionen sobre la base de un análisis de riesgos consistente con los objetivos que se pretendan conseguir, las prioridades establecidas para cada ejercicio y los medios disponibles(...).

El concepto de riesgo debe ser entendido como la posibilidad de que se produzcan hechos o circunstancias en la gestión sometida a control susceptibles de generar incumplimientos de la normativa aplicable, falta de fiabilidad de la información financiera, inadecuada protección de los activos o falta de eficacia y eficiencia en la gestión.

Una vez identificados los riesgos será necesario asignar prioridades para seleccionar las actuaciones a realizar. De esta manera, se realizará una evaluación para estimar la importancia del riesgo, utilizando tanto criterios cuantitativos como cualitativos, y se atenderá a la conveniencia de seleccionar controles con regularidad y rotación, evitando tanto repetir controles en actividades económico-financieras cualificadas sin riesgo como que se generen debilidades precisamente por la ausencia reiterada de control.

3. Identificados y evaluados los riesgos, el órgano interventor elaborará el Plan Anual concretando las actuaciones a realizar e identificando el alcance objetivo, subjetivo y temporal de cada una de ellas. El Plan Anual de Control Financiero así elaborado será remitido a efectos informativos al Pleno.

4. El Plan Anual de Control Financiero podrá ser modificado como consecuencia de la ejecución de controles en virtud de solicitud o mandato legal, variaciones en la estructura de las entidades objeto de control, insuficiencia de medios o por otras razones debidamente ponderadas. El Plan Anual de Control Financiero modificado será remitido a efectos informativos al Pleno."

II.A. ALCANCE SUBJECTIVO.

- Control Permanente:

Exércese sobre o propio Concello.

- Auditoría Pública:

+ Auditoría de Contas: exercerase obrigatoriamente a partir do ano 2020 (D.T.1ª RCI), con carácter anual, sobre a mercantil EVISLUSA, por non cumprir esta cos parámetros da normativa mercantil para a realización de auditorías preceptivas.

+ Auditoría Operativa e de Cumprimento: Exercerase cando as actuacións se inclúan na correspondente planificación anual,

Intervención
MVF/mvf
Refª: ispac341770771631111547.doc
Asunto:

sobre a mercantil EVISLUSA

A partir das consideracións contidas nos apartados anteriores e atendendo á organización do Concello de Lugo, establécese como alcance subxectivo deste Plan Anual de Control Financeiro para o ano 2021 o seguinte:

ENTE	CONTROL FINANCEIRO			
	Control permanente	Auditoría Pública		
		Contas	Cumprimento	Operativa
CONCELLO	INCLUÍDO			
EVISLUSA		2020	-	-

A inclusión ou exclusión de actuacións neste Plan de Control Financeiro para o exercicio 2021, en aplicación do novo modelo de control interno, xustifícase esencialmente na dotación actual de medios e a súa especialización específica con que conta a Intervención Xeral Municipal.

Esta liña de actuación está en consonancia co que a normativa actual pretende, que consiste, non nun control anual total de todos os aspectos da xestión pública municipal, senón en lograr un control generalizado que permita ao longo de varios exercicios, e a través das diversas formas de control, dispor dun modelo eficaz que permita a corrección das debilidades máis significativas. Máis concretamente, e como veu a sinalar a IGAE *“lo que se pretende es que no queden áreas de gestión ni entidades, independientemente de su forma jurídica, permanentemente fuera del ámbito de control.”*

As auditorías de cumprimento e operativa espéranse introducir nos sucesivos Plans Anuais na medida en que se leven a efecto os mandatos da Entidade Local no que se refire á incorporación do persoal técnico, administrativo e auxiliar da Intervención xeral, a quen lle corresponde a súa realización de acordo coas funcións previstas para o mesmo e unha vez que contén coa debida especialización.

II.B. ALCANCE OBXECTIVO.

ACTUACIÓNS DE CONTROL PERMANENTE.

II.B.1.1. ACTUACIÓNS DERIVADAS DUNHA OBRIGA LEGAL.

A continuación relaciónanse con carácter xeral as diversas actuacións atribuídas ao Órgano Interventor por parte da normativa actual:

Actuacións atribuídas ao órgano interventor pola Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)

- Informe de sustentabilidade financeira para o exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación (Art. 7.4 LRBRL).
- Informe relativo ao cumprimento dos principios previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEOSF) no caso de creación de entes de ámbito territorial inferior ao Municipio, carentes de personalidade xurídica, como forma de organización desconcentrada do mesmo para a administración de núcleos de poboación separados (Art. 24 bis LRBRL).
- Informe de sustentabilidade financeira para a constitución de consorcios (Art. 57 LRBRL).
- Informe sobre as iniciativas populares, cando estas afecten a dereitos e obrigas de contido económico do concello (Art. 70 bis LRBRL).
- Informe de sustentabilidade financeira das propostas de xestión directa dos servizos públicos de competencia local a través de entidade pública empresarial local ou de sociedade mercantil local, cuxo capital social sexa de titularidade pública (Art. 85 LRBRL).
- Informe de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da sustentabilidade financeira do exercicio das súas competencias, no caso de que a entidade local propoña exercer a iniciativa pública para o desenvolvemento de actividades económicas (Art. 86 LRBRL).
- Informe de seguimento do plan económico-financieiro, no caso de que por incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, a corporación local tivese formulado un plan a tenor do establecido no artigo 21 da LOEOSF (Art. 116 bis LRBRL).

Intervención

MVF/mvf

Refª: ispac341770771631111547.doc

Asunto:

Actuacións atribuídas ao órgano interventor polo TRLRFL, RD 500/1990 e RCI:

- Informe previo á concertación ou modificación de calquera operación de crédito (Art. 52 do TRLRFL).
- Informe previo á concertación de operacións de crédito a longo prazo polos organismos autónomos e os entes e sociedades mercantís dependentes do Concello (Art.54 do TRLRFL).
- Informe sobre o proxecto de orzamento xeral da entidade local (Art. 168 do TRLRFL). Se se prorrogase o orzamento, informe, no seu caso, dos axustes de crédito previstos no Art. 21 RD500/1990.
- Informe sobre as modificacións orzamentarias (Arts. 177 e sig. TRLRFL e Art. 34 e ss. do RD 500/1990).
- Informe sobre a liquidación do Orzamento da Entidade Local e os seus Organismos Autónomos (Arts. 191 e 192 do TRLRFL).
- Informe previo ás normas que regulen a expedición de ordes de pago a xustificar con cargo aos ornamentos de gastos, a incluír nas Bases de Ejecución (Art.72 RD500/1990).
- Informe previo á revogación do acordo de redución de gastos do novo orzamento, adoptado en caso de liquidación do orzamento anterior con remanente de tesoureiría negativo (Art. 193 de TRLRFL).
- Informe resumo anual dirixido á Intervención Xeral da Administración do Estado sobre os resultados do control interno respecto da xestión económica da entidade local (Art. 213 de TRLRFL e Art. 37 do RCI).
- Informe ao Pleno de todas as resolucións adoptadas polo Presidente da Entidade Local contrarios aos reparos efectuados polo órgano interventor, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos (Art. 218.1 de TRLRFL e Art. 15.6 RCI).
- Informe ao Tribunal de Contas sobre as resolucións e acordos adoptados pola presidencia da Entidade Local e polo Pleno da

Intervención

MVF/mvf

Refª: ispac341770771631111547.doc

Asunto:

Corporación contrarios aos reparos formulados, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos (Art. 218.3 de TRLRFL e Art. 15.7RCI)

- Informe ao Pleno sobre o resultado do control financeiro sobre a Entidade Local. (Art. 220 TRLRFL).
- Informe acerca dos investimentos financieramente sustentables (Disposición Adicional 16º de TRLRFL).
- Informe cos resultados obtidos do control das contas de pagos a xustificar e anticipos de caixa fixa (Art. 27.2 do RD 424/2017)

Actuacións atribuídas ao órgano interventor pola Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEOSF) e a súa normativa de desenvolvemento.

- Informe sobre cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia entidade e dos seus organismos autónomos e entidades dependentes, en canto ao orzamento inicial e, no seu caso, as súas modificacións, así como sobre a liquidación do mesmo. (Art. 16.1 do REO).
- Informe anual sobre verificación do cumprimento dos plans económico-financieros aprobados, no seu caso (Art. 22 REO).
- Informe e comunicación de alerta á Administración que teña atribuída a tutela financeira e á Xunta de Goberno Local, no caso de que se supere o prazo máximo de pago previsto na normativa de morosidade durante dous meses consecutivos (Art. 18.5 LOEOSF).
- Informe de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade e do límite de débeda nas liñas fundamentais do orzamento (Art. 15.1.h Orde HAP/2105/2012)

Actuacións atribuídas ao órgano interventor pola Lei 40/2015 de 1 de marzo reguladora do Réxime Xurídico das Administracións Públicas (LRXSP):

- Informe sobre a proposta de declaración de medio propio e servizo técnico das entidades integrantes do sector público local (Art. 86 LRXSP)
- Informe sobre a transformación de entidades integrantes do

Intervención

MVF/mvf

Refª: ispac341770771631111547.doc

Asunto:

sector público local. (Art. 87 LRXSP).

- Informe sobre o plan de redimensionamiento do sector público local (Art. 94 LRXSP).

Atribucións ao órgano interventor reguladas noutras normas

- Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

- Informe sobre rexistro contable de facturas (Art. 12 da Lei25/2013). Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público
- Informe de control sobre a existencia de obrigas derivadas de gastos realizados ou bens e servizos recibidos para os que non se produciu a súa imputación orzamentaria (Disp. Adic. 3ªLOCD)

- Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

- Informe de Intervención no que se probe non haber débeda pendente de liquidación con cargo ao orzamento municipal, no caso de cesión gratuíta de bens (Art. 110.1.d) do Regulamento de Bens).

- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

- Informe para a adopción dos seguintes acordos:
 - a) Naqueles supostos en que así o ordene o Presidente da Corporación ou cando o solicite un terzo dos seus membros con antelación suficiente á celebración da sesión na que houberen de tratarse.
 - b) Sempre que se trate de asuntos sobre materias para as que se esixa unha maioría especial.

II.B.1.2. ACTUACIÓNS SELECCIONADAS SOBRE A BASE DUNHA ANÁLISE DE RISCO

Intervención

MVF/mvf

Refª: ispac341770771631111547.doc

Asunto:

Tal e como determina o artigo 31 do RCI, á marxe das actuacións que se derivan dunha obriga legal, a Intervención deberá seleccionar e incluír no Plan Anual de Control Financeiro unha serie de actuacións sobre a base dunha análise de riscos consistente cos obxectivos que se pretendan conseguir, as prioridades establecidas para cada exercicio e os medios dispoñibles.

Coa finalidade de dar cumprimento a este apartado do Plan, para o exercicio 2021, a Intervención tivo en conta unha serie de circunstancias que se expoñen a continuación e que condicionan sustancialmente as actuacións a incluír no Plan anual a partir de riscos detectados e establecemento de prioridades:

- **Atrasos acumulados.** A necesidade de abordar os procesos de control financeiro posterior correspondentes ó exercicio 2020 ocupará gran parte dos esforzos no ano 2021. Trátase de actuacións preceptivas e de obrigado cumprimento que ata o de agora non se puideron executar pola Intervención Xeral, e que requirirán dunha importante dedicación dentro do exercicio.
- **Medios dispoñibles.** Os efectivos de persoal no Servizo de Intervención, non permitiron un axeitado control en exercicios pasados, nin abordar actuacións no marco que require o novo RCI, polo que neste ano, aínda que finalmente se ten dotado de certo persoal, a obriga é ser prudente en canto á selección de prioridades. En exercicios vindeiros, na medida en que sexa unha realidade completar o organigrama do persoal ao servizo da Intervención, será posible deseñar un Plan máis ambicioso.

Con relación á análise de riscos que serve de base para a determinación de obxectivos e prioridades, o coñecemento que a Intervención Xeral ten a partir dos resultados e conclusións obtidos do exercicio da fiscalización limitada previa, realizada con carácter moi amplo, foi determinante para a identificación dos riscos ou debilidades instaladas na xestión municipal e fundamento para a asignación das prioridades que se estima imprescindible abordar de cara á súa corrección en exercicios futuros.

A este respecto, resulta esencial o último informe resumo do control interno elaborado por esta Intervención Xeral en canto aos resultados das análises e verificacións efectuados e as recomendacións que efectúa a Intervención coa intención de que se introduzan cambios na xestión municipal en orde á corrección das deficiencias observadas. Sobre tal particular, a Intervención fai remisión expresa ao apartado de Conclusións e Recomendacións contidas no mencionado Informe, en tanto é coñecido polo Pleno da Corporación dado que se deu conta do mesmo en sesión ordinaria celebrada o 24 de setembro de 2020.

Intervención

MVF/mvf

Refª: ispac341770771631111547.doc

Asunto:

Define o artigo 31 do RCI o risco como “*la posibilidad de que se produzcan hechos o circunstancias en la gestión sometida a control susceptibles de generar incumplimientos de la normativa aplicable, falta de fiabilidad de la información financiera, inadecuada protección de los activos o falta de eficacia y eficiencia en la gestión.*”

No que respecta á metodoloxía para a realización da análise de riscos tiveronse en conta os criterios formulados por parte do Tribunal de Contas no seu Manual de Procedementos de Fiscalización de Regularidade aprobados o 30 de Xuño de 2015.

Así, pártese de **tres tipos de risco** á hora de realizar a súa identificación:

- *Risco inherente (RI)*: é o relacionado coa actividade e natureza propia da entidade e a súa contorna, con independencia dos controis establecidos.
- *Risco de control (RC)*: refírese a que os sistemas contables e de control interno non detecten incorreccións significativas, non eviten que se produzan ou non permitan que, unha vez producidas, as mesmas sexan corrixidas oportunamente. Polo tanto, cando o control interno dunha entidade non funciona correctamente, o máis probable é que os seus estados financeiros conteñan erros e maior é o risco de control.
- *Risco de detección (RD)*: risco de que as incorreccións significativas, debidas a erro ou fraude, non sexan detectadas polas probas sustantivas realizadas na fiscalización.

A partir dos riscos identificados procédese á súa valoración en atención a dous **parámetros**, o seu impacto e a súa probabilidade.

- ♦ O *impacto* vén determinado pola gravidade das consecuencias asociadas á materialización do risco, en termos de incumprimento legal e de perxuízo para a Facenda Local.
- ♦ A *probabilidade* determínase en función da posibilidade de ocorrencia do risco.

En base ás formulacións anteriores, a Intervención identificou no mapa de riscos que figura ANEXO a este Plan unha serie de factores de risco na xestión pública que poden dificultar a consecución de obxectivos estratéxicos, como son o cumprimento da normativa ou a fiabilidade da información

financeira, incluíndose neste Plan aqueles que resultan máis significativos en función da súa valoración de acordo cos parámetros referenciados. De igual xeito, ademais da importancia absoluta do risco en función do seu impacto e probabilidade, consideráronse os medios e prioridades dispoñibles, resultando as correspondentes actividades de control que se sinalan a continuación.

1) GASTOS

• ÁREA DE PERSOAL

Neste ámbito da xestión administrativa maniféstanse unha serie de riscos inherentes á complexidade do marco normativo e ó número de operacións realizadas, que poden dar lugar a incumprimentos legais, falta de eficacia ou mesmo un prexuízo para os fondos públicos.

Dentro desta área consideráronse especialmente relevantes en base á súa valoración, e atendendo aos medios de que dispón este Servizo, os seguintes riscos operativos:

- Complementos retributivos discrecionais e o seu carácter fixo e indebido.

En consecuencia, inclúense no Plan actuacións consistentes no exame de expedientes de gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade, co fin de verificar a súa adecuación á normativa aplicable, o cumprimento dos límites globais na súa contía, así como a efectiva realización dos servizos retribuídos por medio destes complementos.

- Publicación do texto consolidado da Relación de Postos deTraballo:

Verificarase a adecuada e correcta publicidade deste instrumento de ordenación dos recursos humanos, así como dos diversos elementos que ten que conter de acordo coa normativa de aplicación.

• ÁREA DE CONTRATACIÓN

Neste ámbito maniféstanse unha serie de riscos de diversa natureza, destacando as novidades normativas e constantes interpretacións daquelas, así como aqueles que traen causa da propia organización municipal e a dispersión da xestión do gasto entre os diversos Servizos Municipais e o Servizo de Contratación que trae consigo un considerable risco de control que

Intervención

MVF/mvf

Refª: ispac341770771631111547.doc

Asunto:

permita a identificación e corrección das debilidades máis significativas. En base ó apuntado, dentro desta área presentan especial importancia e selecciónanse para a realización de actuacións de control os seguintes riscos operativos:

- Prórroga tácita dos contratos.

A partir dos reparos formulados pola Intervención procederase a analizar as causas e incidencia que produce a continuidade dos servizos e subministracións unha vez finalizado o prazo máximo de duración do contrato.

Así mesmo verificarase o reflexo de tales circunstancias no expediente de contratación, en especial, na recepción e liquidación do contrato.

- Indebida utilización da figura do contrato menor:

A partir dos reparos formulados pola Intervención procederase a analizar as causas e incidencia que produce a reiteración de propostas con obxecto similar, os fraccionamentos de obxecto e a correcta tramitación deste tipo de contratos.

- Planificación da actividade contractual:

Verificarase a planificación da actividade municipal no eido da contratación pública.

- **ÁREA DE SUBVENCIONES E TRANSFERENCIAS**

A ausencia de planificación axeitada determina un importante risco de control que permita detectar as desviacións entre os obxectivos pretendidos e os logros obtidos, máis aínda nun ámbito sensible como o da posta en mans de terceiros de fondos públicos para a consecución de fins de utilidade pública ou interese social. Por iso considérase oportuno, en base ás prioridades establecidas e medios dispoñibles, a análise do seguinte risco operativo:

- Análise do Plan Estratéxico de Subvencións:

Os controis irán dirixidos a verificar a existencia de Plan Estratéxico de Subvencións, a súa axeitada elaboración, execución, seguemento e o respecto aos principios xerais da normativa na materia.

2) INGRESOS

Non foron seleccionadas actuacións para o exercicio 2021.

3) PROCEDIMENTOS ESISTEMAS

Non foron seleccionadas actuacións para o exercicio 2021.

4) CONTABILIDADE

Verificarase o axeitado reflexo contable das operacións derivadas da actividade económica municipal para comprobar que a información suministrada pola mesma responde a unha correcta e actualizada práctica contable nas distintas fases de execución do gasto e no seguimento dos proxectos.

II.B.1.3. ACTUACIÓNS DE CONTROL FINANCEIRO DE SUBVENCIONES

Especial tratamento merece o control a realizar en relación ás subvencións públicas.

O RCI remite respecto deste tipo de control ao disposto con carácter xeral na normativa básica de subvencións, como é a LXS no seu Título terceiro e o seu regulamento desarrollador, e sen prexuízo das adaptacións que se acorden para o seu exercicio en cada Entidade Local.

Dada a importancia cuantitativa e cualitativa que no exercicio 2020 tiveron as axudas extraordinarias aos afectados pola crise sanitaria do Covid 19, as actuacións neste eido centraranse exclusivamente na execución do denominado Plan REANIMA:

Este control comprenderá:

- a) A adecuada e correcta obtención da subvención por parte do beneficiario.
- b) O cumprimento por parte de beneficiarios e entidades colaboradoras das súas obrigas na xestión e aplicación da subvención.
- c) A adecuada e correcta xustificación da subvención por parte de beneficiarios e entidades colaboradoras.
- d) A realidade e a regularidade das operacións que, de acordo coa xustificación presentada por beneficiarios e entidades colaboradoras, foron financiadas coa subvención.

Intervención

MVF/mvf

Refª: ispac341770771631111547.doc

Asunto:

- e) A adecuada e correcto financiamento das actividades subvencionadas, nos termos establecidos no apartado 3 do artigo 19 da LXS.
- f) A existencia de feitos, circunstancias ou situacións non declaradas á Administración por beneficiarios e entidades colaboradoras e que puidesen afectar ao financiamento das actividades subvencionadas, á adecuada e correcta obtención, utilización, goce ou justificación da subvención, así como á realidade e regularidade das operacións con ela financiadas.

II.B.1.4. OUTRAS ACTUACIÓNS DE CONTROL FINANCIERO PERMANENTE

Con independencia do anterior, e de conformidade co disposto no RCIL, o órgano de intervención poderá someter a exame exhaustivo en calquera momento, os expedientes que considere, aínda que non sexa seleccionado na mostra efectuada, sempre que se deducise que se tiveran omitido requisitos ou trámites que se consideren esenciais ou que dos informes se desprendese a posibilidade de causar quebranto á facenda municipal ou aun terceiro. Se tales expedientes afectan a materias ou ámbitos non recollidos no Plan Anual de Control Financiero procederase á modificación do mesmo para a súa efectiva inclusión, dando conta ao Pleno da Corporación.

ACTUACIÓNS DE AUDITORÍA PÚBLICA

II.B.1.5. AUDITORÍA DE CONTAS

De conformidade coa disposición transitoria única, as auditorías de contas previstas no artigo 29.3.A) do RCI realizaranse sobre as contas anuais cuxo exercicio contable se peche a partir de 1 de xaneiro de 2019. Por este motivo, inclúese neste Plan de actuación a auditoría das contas anuais da mercantil EVISLUSA do exercicio 2020.

II.B.1.6. AUDITORÍAS OPERATIVA E DE CUMPRIMENTO

A realización de auditorías operativas e de cumprimento sobre as entidades incluídas no seu ámbito subxectivo incluírase na planificación do control que se levará a cabo en exercicios posteriores, en función dos medios dispoñibles.

O modelo de control eficaz pretendido esixe que a realización das

actuacións controladoras teñan carácter rotatorio, de xeito que non se repitan controis sobre ámbitos ou materias determinadas ao longo de varios exercicios continuados, e queden por el contrario outros aspectos da xestión á marxe do control.

II.C. ALCANCE TEMPORAL

Este Plan ten por obxecto as actuacións a desenvolver nos ámbitos do control financeiro durante o exercicio 2021, de acordo co seguinte:

- ✓ As actuacións de control permanente que derivan dunha obriga legal levaranse a cabo ao longo do exercicio por parte do Órgano Interventor, con carácter xeral, dentro dos prazos que habilite a normativa e previa tramitación do oportuno expediente por parte do Servizo que corresponda.
- ✓ Aquelas actuacións seleccionadas sobre a base dunha análise de risco correspondentes a expedientes tramitados no ano 2020 prevense realizar, na medida das dispoñibilidades durante o exercicio 2021.
- ✓ En canto ao control financeiro de subvencións, levarase a cabo no terceiro trimestre

Por último e en base aos motivos expostos en apartados anteriores deste Plan, non se levan a cabo neste exercicio actuacións de auditoría pública.

En canto a exercicios ulteriores, a planificación das actuacións a efectuar en materia de control financeiro realizarase por medio do oportuno Plan Anual que será elaborado por parte do Órgano Interventor, preferentemente no último trimestre do exercicio, de acordo co disposto no artigo 44 do RCIL do Concello de Lugo.

III. EXECUCIÓN DAS ACTUACIONES INCLUIDAS NO PLAN

A totalidade das actuacións de control financeiro e auditoría pública incluídas no Plan efectuaranse dentro da anualidade 2021 e realizaranse empreñando distintas formas e modalidades de xestión que se expoñen a continuación, todas elas dentro do réxime normativo establecido no novo RCI e RCIL aprobados e en vigor. En tanto neste exercicio non se inclúen actuacións relacionadas coa Auditoría Pública, expóñense as relativas ao control permanente de acordo coa clasificación efectuada no apartado anterior:

+ ACTUACIÓNS DERIVADAS DUNHA OBRIGA LEGAL

Intervención

MVF/mvf

Refª: ispac341770771631111547.doc

Asunto:

Efectuaranse no momento que corresponda por parte do persoal propio integrado na Intervención Xeral Municipal, previa instrución e tramitación dos oportunos expedientes por parte dos Servizos responsables, e culminarán coa emisión do correspondente e preceptivo informe.

+ ACTUACIÓNS SELECCIONADAS SOBRE A BASE DUNHA ANÁLISE DE RISCOS

Efectuaranse as oportunas actuacións polo persoal propio adscrito á Xefatura de Control Financeiro e Auditoría Pública da Intervención Xeral Municipal, previa comunicación da selección de expedientes e documentos aos Servizos Municipais correspondentes.

+ ACTUACIÓNS DE CONTROL FINANCEIRO DE SUBVENCÍONS

As actuacións correspondentes ao pasado exercicio 2020, efectuaranse a través do persoal adscrito á Intervención Xeral e valorarase a posible contratación de empresa externa que colabore nas actuacións correspondentes.

+ OUTRAS ACTUACIÓNS DE CONTROL FINANCEIRO PERMANENTE

No caso de que resulte necesaria a actualización, modificación ou determinación doutras actuacións de control permanente non incluídas no Plan, será no momento procedimental no que así se determine cando se estableza a forma e modalidade de execución das actuacións.

IV. RESULTADOS DO CONTROL FINANCEIRO

O control financeiro nas súas diversas modalidades persegue entre os seus obxectivos esenciais a mellora da xestión no seu aspecto económico, financeiro, patrimonial, orzamentario, contable, organizativo e procedimental. Para o cumprimento deste obxectivo resulta indispensable, tal e como xa sinalaba o informe COSO, a axeitada e correcta información e comunicación das actuacións e resultados do control, que favoreza un proceso de retroalimentación e de mellora continua.

Así, o éxito do sistema de control dependerá en gran medida do grao no que o persoal e responsables da entidade coñecen e comparten a información necesaria para desenvolver, xestionar e realizar as súas actividades, o que se persegue mediante a comunicación dos informes de control.

Tal e como establece o RCI e o RCIL, os resultados das actuacións de control financeiro que se executen durante o exercicio documentaranse en informes escritos, nos que se exporán de forma clara, obxectiva e ponderada os feitos comprobados, as conclusións obtidas e, no seu caso, as recomendacións sobre as actuacións obxecto de control.

A estrutura, contido e tramitación dos mencionados informes axustarase ao establecido nas normas técnicas de control financeiro e auditoría ditadas pola Intervención Xeral da Administración do Estado.

Con independencia do establecido no apartado anterior, no marco dos distintos procesos de control financeiro que desenvolva a Intervención xeral a través da utilización de técnicas de auditoría, con carácter xeral, distinguiranse tres tipos de informes:

- a) Informes Individuais, que se emitirán respecto de cada un dos expedientes seleccionados, e cuxo destinatario principal será o Servizo ou Centro Xestor correspondente. A análise alcanzará á totalidade do expediente, podendo estenderse a actuacións administrativas que acontezan en anualidades anteriores e/ou posteriores que se consideren de transcendencia a efectos de obter evidencias no proceso que leva a efecto.
- b) Informes globais, que se emitirán con relación a cada un dos procesos desenvolvidos ao longo do exercicio, xa sexa control permanente ou auditoría, xa control permanente concomitante ou posterior, con posibilidade de que os informes globais teñan carácter parcial con relación a cada un dos bloques ou materias consideradas no Plan Anual de Control Financeiro. Estes informes serán obxecto de remisión á Xunta de Goberno Local, a efectos de dación de conta e toma de coñecemento, sen prexuízo da súa remisión ao Pleno de forma integrada e nos termos que require a normativa vixente.

Informe anual, que recollerá a totalidade das actuacións de control financeiro executadas no exercicio e que formará parte indisoluble do Informe Resumo dos resultados de control interno.

Intervención

MVF/mvf

Refª: ispac341770771631111547.doc

Asunto:

V. PLAN DE ACCIÓN

O novo RCI, co fin de lograr que as actuacións de control se traduzan nunha mellora continua da xestión, esixe que á vista das conclusións postas de manifesto no Informe Resumo do Control Interno anual, se elabore por parte do Presidente da Corporación un Plan de Acción.

En concreto, o artigo 38 do RCI establece o seguinte:

"1. El Presidente de la Corporación formalizará un plan de acción que determine las medidas a adoptar para enmendar las debilidades, deficiencias, errores e incumplimientos que se pongan de manifesto en el informe resumen referido en el artículo anterior.

2. El plan de acción se elaborará en el plazo máximo de 3 meses desde la remisión del informe resumen al Pleno y contendrá las medidas de corrección adoptadas, el responsable de implementarlas y el calendario de actuaciones a realizar, relativos tanto a la gestión de la propia Corporación como a la de los organismos y entidades públicas adscritas o dependientes y de las que ejerza la tutela.

3. El plan de acción será remitido al órgano interventor de la Entidad Local, que valorará su adecuación para liquidar las deficiencias señaladas y en su caso los resultados obtenidos, e informará al Pleno sobre la situación de la corrección de las debilidades puestas de manifesto en el ejercicio del control interno, permitiendo así que el Pleno realice un seguimiento periódico de las medidas correctoras implantadas para la mejora de la gestión económico financiera.

4. En la remisión anual a la Intervención General de la Administración del Estado del informe resumen de los resultados del control interno se informará asimismo, sobre la corrección de las debilidades puestas de manifesto."

De novo mediante o emprego de técnicas de planificación, haberanse de fixar os obxectivos e actividades que permitan que os resultados das actuacións de control non queden nunha mera declaración formal, senón que estes se traduzan nunha mellora da xestión nas súas diversas manifestacións. Ademais, para garantir dita finalidade e pechar o ciclo xeral de toda planificación, a normativa completa o seu réxime dispoñendo a necesidade de avaliación e seguimento do referido Plan por parte da Intervención Municipal, remitíndose os seus resultados ao Pleno de Corporación e á IGAE.

En definitiva, trátase dun novo paradigma da xestión pública caracterizado pola énfase na calidade e a orientación ao cidadán, o control da

Intervención

MVF/mvf

Refª: ispac341770771631111547.doc

Asunto:

actividade económico financeira local constitúe unha ferramenta fundamental, permitindo detectar as debilidades e oportunidades de mellora da organización e o impulso dos procedementos que permitan a súa corrección por parte dos responsables públicos.